

RESUMO PARA REALIZAR UNHA ANÁLISE SINTÁCTICA

Sintagma: núcleo e adxacentes (determinante, modificador)

SN - Sintagma nominal: núcleo un substantivo ou pronome

SADX - Sintagma adxectiva: núcleo un adxectivo

SADV - Sintagma adverbial: núcleo un adverbio

SPrep - Sintagma preposicional: preposición seguido do termo (outra frase)

Consellos para analizar os elementos oración:

Suxeito, núcleo do predicado, complemento directo, suplemento, complemento indirecto, complemento circunstancial, complemento predicativo, axente da pasiva, pronome de solidariedade, pronome de interese.

1.- Procuramos o suxeito, (quen? realiza a acción verbal) que ha de **concordar co verbo**. En moitos casos estará oculto (elidido) e hai verbos impersoais.

O sol sae por alí. Chove moito

2.- Procuramos o verbo (núcleo do predicado)

2.1.- Se é un verbo copulativo (ser, estar, parecer, semellar), procuramos o **atributo**: *Helena está cansa*

2.2.- O verbo é predicativo (resto dos verbos)

2.2.1.-Se o verbo é transitivo ha de levar complemento directo (que?).

Pode substituírse polos pronomes átomos: **o, a, os, as** (no, na, nos, nas; lo, la, los, las). Exemplo: *onte vinte na rúa = onte ti*

fuches visto por min na rúa. En moitos casos o complemento directo é un pronome persoal.

2.2.2.- Se observamos que o verbo pide (nese significado) un sintagma preposicional teremos un **suplemento**: *o can bebía no leite*

2.2.3.- **Procuramos o complemento indirecto (a quen? para quen?)** nos verbos intransitivos (non é obrigatorio) e tamén o podemos atopar nos transitivos acompañando o complemento directo. Pode substituírse polos pronomes átonos **lle, lles**. En moitas oracións atoparemos un complemento indirecto **duplicado**, un pronome átono e outro sintagma: *deilles o mando aos meus pais.*

2.2.4.- O verbo é predicativo mais encontramos un adxectivo ou similar nunha función semellante ao atributo dos verbos copulativos..., estamos diante dun **complemento predicativo** (que podemos confundir cun complemento circunstancial de modo): *María quedou parada alí.*

2.3.- Procuramos o **complemento circunstancial** (cando? onde? como? canto?; adverbios, sintagmas preposicionais...): **tempo, lugar, modo, cantidade...**

2.4.- Se nos quedan pronomes persoais átonos que non son complemento directo nin indirecto, poderán ser de **solidariedade** ou **interese** (propios da lingua falada). *O pícaro non che me come nada estes días*

2.5.- Se a oración **está en pasiva** (ser+participio), podemos encontrar o **axente de pasiva** (encabezado pola preposición por): *Antón foi educado polos avós*